



PLAN DIGITAL

Colexio Plurilingüe San José

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Colexio Plurilingüe San José (Fundación Vedruna Educación)
- Currás 2, 36780 A Guarda
- Correo electrónico: cpr.sanjose.aguarda@edu.xunta.gal
- Páxina <https://carmelitasaguarda.com>
- Etapas educativas: Educación infantil, primaria e ESO
- Número de alumnos no curso 2021-22: 221
- Profesorado no curso 2021-22: 24

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio Plurilingüe San José está situado nunha zona urbana-rural no concello de A Guarda. A titularidade corresponde á Fundación Vedruna Educación. No curso actual (2021 – 2022) están as 13 unidades concertadas de seguinte forma:

- 3 unidades para Educación Infantil
- 6 unidades para Educación Primaria
- 4 unidades para Educación Secundaria Obrigatoria

Para un mellor aproveitamento e planificación do plan é interesante coñecer os seguintes datos:

O nivel de formación da maioría das familias do centro son os estudos primarios e as ocupacións das mesmas son:

| Ocupación | Porcentaxe | Ocupación | Porcentaxe |
|------------|------------|-----------------------|------------|
| Mariñeiros | 28 | Pequenos comerciantes | 20 |
| Obreiros | 25 | Funcionarios | 3 |
| Empregados | 22 | Profesionais liberais | 2 |

A maioría dos alumnos reside na Guarda ou nos barrios circundantes: Salcidos, Buxán, a Pasaxe, Camposancos. Unha minoría en localidades cercanas: O Rosal, Goián, Tomiño...

O nivel económico das familias: en xeral é medio ou medio-baixo, tendo moi poucos casos de nivel medio-alto.

Todo o anteriormente exposto vai condicionar o funcionamento e desenvolvemento do plan nunha parte importante da comunidade educativa.

O plan dixital entra dentro do proxecto educativo, xa que o centro leva moitos anos involucrado coas novas tecnoloxías, participando no proxecto Abalar dende o curso do seu unicio, e no proxecto Tic da fundación no seu aspecto pedagóxico, polas limitacións que supuña a conectividade no centro.

O plan dixital estará plenamente integrado na programación xeral anual do vindeiro curso polo que vai supoñer no emprego de novas ferramentas por parte do profesorado como do alumnado, en todas as áreas e etapas do centro educativo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa referente ao Plan Dixital do centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital seguimos as indicacións da Consellería de Educación, realizando as formacións indicadas polo equipo responsable do acompañamento do mesmo no centro. A primeira parte consistiu nunha diagnose da situación do centro educativo, e a partires dos datos obtidos, destacamos unha serie de aspectos a mellorar no centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Colexio Plurilingüe San José (Fundación Vedruna Educación) conta na actualidade con conexión de internet por fibra de ***, aínda que dende a súa instalación resulta moi problemática, con caídas constantes do servizo. Tamén conta con servizo de telefonía.

A infraestrutura no interior do centro consiste en una pequena zona cableada (secretaría, dirección, orientación e aula de informática) e o resto do centro está dotado de instalación wifi.

Temos catro aulas pertencentes ao proxecto Abalar, con 85 ordenadores para o alumnado, e nunha das aulas, carro, pizarra e ordenador de aula do mesmo proxecto. Todas as aulas con alumnado do centro contan con pizarras dixitais, ordenador de aula e dispoñemos dun carriño con 30 Chromebooks nun proxecto piloto neste curso. Na sala de profesores hai un ordenador de sobremesa con impresora e un portátil a súa disposición.

A biblioteca dispón dun ordenador portátil, e a aula de informática está equipada con 12 ordenadores de sobremesa.

Para a xestión e administración hay equipamento de sobremesa e portátil, impresoras e escáner.

Para a xestión docente se emprega tanto a plataforma Educamos como ferramentas de Google. O centro dispón de páxina web e cada titor ou profesor é responsable da aula virtual do seu curso ou a súa materia.

O mantemento do equipamento do centro é externo, o leva unha empresa da localidade e en remoto unha empresa de Madrid.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Xuntamos a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|--|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3,8 | 3,6 | | | |
| | Profesorado | 3,7 | 2,9 | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,8 | 3,4 | | | |
| | Profesorado | 3,1 | 2,6 | | | |
| | Alumnado | 3,7 | 2,4 | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 3,7 | 3,3 | | | |
| | Profesorado | 3,3 | 2,9 | | | |
| | Alumnado | 3,5 | 2,1 | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,7 | 3,5 | | | |
| | Profesorado | 3,9 | 3,5 | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4,2 | 3,9 | | | |
| | Profesorado | 4,3 | 3,4 | | | |
| | Alumnado | | 3,4 | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 3,6 | 3 | | | |
| | Profesorado | 3,7 | 2,8 | | | |
| | Alumnado | 3,3 | 2,4 | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3,4 | 3,1 | | | |
| | Profesorado | 3,6 | 2,4 | | | |
| | Alumnado | | 2,3 | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 3,7 | 3,4 | | | |
| | Profesorado | 3,7 | 2,7 | | | |
| | Alumnado | 3,7 | 2,5 | | | |

Test CDD: Incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|--------------------------------------|------------------------------|------------------------|
| DEFINITIVO | 14 | 24 | 61,5 |
| PROVISIONAL | | | |
| INTERINO | | | |
| SUBSTITUTO | 2 | 2 | 100 |
| DESPRAZADO | | | |

Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|-----------------------------|--|--|
| 77,4 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|---|-----------------------------|--|--|
| Inf | 74 | Integrador/a (B1) | 68,2 | Integrador/a (B1) |
| Pri | 70,8 | Integrador/a (B1) | 77 | Integrador/a (B1) |
| ES | 75,1 | Integrador/a (B1) | 79,2 | Integrador/a (B1) |

| | | | | |
|-----------------|-----|----------------|------|-------------------|
| O | | | | |
| EN R | 113 | Experto/a (B2) | 75,4 | Integrador/a (B1) |

Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|--|--|
| A1 | 0 | 0 |
| A2 | 9 | 56.3 |
| B1 | 6 | 37.5 |
| B2 | 3 | 18.8 |
| C1 | 0 | 0 |
| C2 | 1 | 6.3 |
| TOTAL | 19 | 118.90% |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|-------------------|-------------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO | Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. Política de protección de datos. Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais. Características das plataformas e aplicativos online utilizados. Uso activo e creativo de aulas virtuais. | Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. Características do software instalado nos equipos. |
| | PERSOAL DOCENTE | Participación do profesorado en redes colaborativas da Fundación. Oferta formativa de novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital. Existencia de formación continua do profesorado. | O profesorado carece de tempo para explorar novas modalidades de ensino. O profesorado non é quen de resolver incidencias técnicas. Escasa creación de recursos dixitais. Escasa promoción entre o profesorado de innovacións educativas. |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |
| | ALUMNADO | Comportamento responsable, seguro. Aprenden a comunicarse. | Participación na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. O alumnado non sabe codificar ou programar. O alumnado non sabe resolver problemas técnicos. |
| | FAMILIAS | Existencia de varias canles de comunicación | Ausencia de protocolo para detectar a fractura dixital. |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | Falta de coñecemento da estratexia dixital da Fundación. |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | | Achegas económicas que recibe o centro. Actuacións da administración. |
| | LEXISLACIÓN | | |
| | CONTORNA | | Condicións socioeconómicas da contorna. Baixa competencia dixital das familias. |
| | ANPA | Interese da ANPA polas necesidades do centro. | |
| | OUTRAS ENTIDADES | Oferta de actividades formativas e condicións para participar nelas ofertadas pola Fundación | |

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

| “Área/s de mellora”: ÁREA C – Infraestrutura e equipamento | | | | | | |
|--|---|-------------------|--|-----------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO: | Dotar de equipamento axeitado ao centro. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC e equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: | Obtención de mellor conectividade e máis equipos para o desenvolvemento axeitado do plan. | | | | | |
| Valor de partida | Datos de conectividade e inventario actual. | | | | | |
| Valor previsto e data | | | | | Xuño 2023 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO1.1: Presentación no Plan Dixital de Centro a necesidade de mellor conectividade e equipamento. | Equipo TIC. | 30/06/22. | Aula do futuro. Nodo tic da fundación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Participar en todas aquelas convocatorias para subvención de equipamento. | Equipo Directivo. | Curso 2022-23 | Equipo TIC. Aula do futuro. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Estudar ofertas de outras compañías que melloren a conectividade | Equipo Directivo | Curso 2022-23 | Equipo TIC Nodo tic da fundación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.4: Valoración da adxudicación ou non da subvención e medidas a tomar. | Equipo Directivo. | Curso 2022-23. | Equipo TIC. | | Realizada | |

“Área/s de mellora”: ÁREA E – Pedagogía: Apoios e Recursos.

| 2. OBXECTIVO: | Xeralizar o emprego de procesos de avaliación e apoio con recursos dixitais para o ensino e a aprendizaxe. | | | Acadado | | |
|--|--|---|--|------------------------------|------------------|--|
| RESPONSABLE: | Equipo TIC. | | | Non | | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Número de elementos de avaliación creados. Número de recursos dixitais creados. | | | | | |
| Valor de partida | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data | 9 elementos de avaliación. 3 recursos dixitais. | | | | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| A02.1 Informar ao profesorado do plan dixital para o curso 22-23. | Xefatura Estudos. Equipo TIC. | 1º Claustro do Curso. | Plan de Acción. Equipamento TIC. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.2 Informar ao claustro da formación a realizar en cada trimestre. | Equipo TIC. Equipo innovación | Inicio de cada trimestre do curso | Sala de reunión do claustro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.3 Recoller do profesorado os elementos de avaliación creados na carpeta común | Equipo TIC. | Finais de cada trimestre do curso 2022-23 | Carpeta de Google Drive Elementos de avaliación | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.4 Formar ao profesorado para o emprego de recursos dixitais | Equipo TIC. Nodo TIC Equipo de innovación | Inicio de cada trimestre do curso 2022-23 | Equipamento TIC Recursos dixitais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.5 Compartir no Drive unha carpeta cos recursos creados. | Equipo TIC. | Curso 2022-23. | Equipamento TIC. | | Realizada | |

“Área/s de mellora”: ÁREA D – Desenvolvemento profesional continuo

| 3. OBXECTIVO: | Mellorar da Competencia Dixital Docente do profesorado | | | Acadado | | |
|--|--|---------------------------------------|--|------------------------------|------------------|--|
| RESPONSABLE: | Equipo Directivo | | | Non | | |
| INDICADOR/ES DO | Número de formacións TIC | | | | | |
| Valor de partida | 0 | | | | | |
| Valor previsto e data | 3 | | | Xuño 2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| A03.1 Programar as sesións necesarias de formación. | Equipo TIC. Equipo de innovación | Inicio curso 2022-23. | Enquisa sobre necesidades formativas do profesorado. | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.2 Presentar as sesións ao claustro de profesores | Coordinador TIC. Xefe de estudos | Setembro 2022. | Aula do futuro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.3 Busca do formador axeitado. | Equipo TIC. Equipo innovación | Finais de trimestres do curso 2022-23 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.4 Realizar as sesións de formación. Unha por trimestre. | Equipo TIC. Nodo TIC Equipo de innovación | Curso 2022-23 | Aula do futuro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.5 Enquisa de avaliación das sesións formativas e propostas de novas formacións. | Equipo TIC. | Xuño 2023 | Enquisa. Aula do futuro | | Realizada | |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

É prioritario mellorar a conectividade do centro educativo, pois na actualidade a conexión coa que contamos sofre cortes continuos, o que dificulta o emprego dunha ferramenta tan básica hoxe en día como é internet.

Outra das necesidades a cubrir é a de dispositivos actualizados para o traballo nas aulas, posto que, por exemplo, os ordenadores Abalar do centro son dos que se distribuíron nos catro primeiros cursos do desenvolvemento do plan, é dicir, son moi antigos e moi lentos para traballar neles.

Para desenvolver axeitadamente o plan dixital do centro e o da Fundación, precisaríamos dotar ao alumnado de chromebooks para o uso no día a día das aulas. Non sería necesario un dispositivo por alumno, pero sí unha cantidade suficiente deles como para poder compartilos entre dúas aulas como mínimo.

Para os cursos de infantil e os primeiros de primaria o dispositivo máis axeitado serían tablets, e contando con dous grupos de 25, poderían compartilas en infantil e nos primeiros cursos de primaria.

4. Avaliación do plan

Para avaliar o desenvolvemento do plan, farase unha vez ao trimestre, posto que os obxectivos establecéronse con esa periodicidade. Valoraranse tanto as accións propostas, como os resultados obtidos e se fora necesario, estableceranse modificacións para mellorar os resultados nos trimestres seguintes.

Farase tamén unha avaliación anual, na que se revisarán o logro dos obxectivos e estableceranse propostas de mellora para o seguinte curso.

5. Difusión do plan

Para dar a coñecer o plan dixital á comunidade educativa empregaranse diferentes medios, dependendo do sector ao que vai dirixido:

Profesorado: Darase a coñecer no claustro de final de curso para proceder a súa aprobación.

Consello escolar: Tamén se dará a coñecer na reunión final de curso, e retomarase na primeira do vindeiro ano.

Alumnado: Farase mención do mesmo como parte da súa formación académica nas distintas áreas.

Familias: Nas reunións de inicio de curso explicarase brevemente o plan.